

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16101NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B	

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E OITO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E DOUS**

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de abril de dous mil vinte e dous, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. Alcaldesa en funcións, dona María Guadalupe Pombo Carril, e asisten:

**Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

D<sup>a</sup>. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES  
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE  
D<sup>a</sup>. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA  
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA  
D<sup>a</sup>. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ  
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ  
D<sup>a</sup>. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ  
D. CARLOS LIÑARES GESTAL  
D<sup>a</sup>. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ  
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

**Polo Grupo Político Popular:**

D<sup>a</sup> IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU  
D. ALFONSO RICO VERA  
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA (que se incorpora no momento que se expresa na presente acta)

**Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:**

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO  
D<sup>a</sup>. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA  
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

**Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:**

D<sup>a</sup>. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA  
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA  
D<sup>a</sup>. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asiste á sesión o Sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión.

De seguido pásase ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B	

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 24 DE FEBREIRO DE 2022 E 30 DE MARZO DE 2022.**

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións de datas 24 de febreiro e 30 de marzo de 2022, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas das sesións de datas 24 de febreiro e 30 de marzo de 2022, sendo aprobadas por unanimidade dos señores/as concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas das sesións de datas 24 de febreiro e 30 de marzo de 2022.

## **2.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA SOBRE MODIFICACIÓN DO REPRESENTANTE SUPLENTE DO CONCELLO NO CONSORCIO AS MARIÑAS.**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/07/2004) e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete a ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, a proposta da voceira suplente do grupo municipal socialista de Culleredo, de data 25 de marzo de 2022, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.e que transcrita di o seguinte:

“Marta María Figueroa Fuentes, voceira suplente do Grupo Municipal Socialista de Culleredo, informa en relación á proposta do cambio de suplente na designación de representante no Consorcio de As Mariñas

Téndose designado os representantes do Concello nos órganos colexiados e aprobado no pasado pleno do 02.07.2019

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE

ACORDO:

Modificar o representante suplente do Consorcio As Mariñas, designando a D. Marta María Iglesias Becerra.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a voceira suplente do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada.

*(neste momento incorpórase á sesión o concelleiro do grupo político popular, don Antón Prieto García)*

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a proposta que se presenta neste punto vén asinada pola voceira suplente do grupo municipal socialista de Culleredo, unha proposta de partido co anagrama do PSOE; que non o entenden porque polo contido non se está a falar dunha moción, dunha determinada iniciativa política dun grupo político municipal que someteran a refrendo dos outros grupos políticos e de todo o conxunto de representantes da Corporación para chegar a un acordo político, senón que o que pretende o equipo de goberno é someter á aprobación a modificación da representación do Concello de Culleredo nun organismo supramunicipal, cal é o Consorcio das Mariñas, e a proposta ten que partir do goberno municipal, en particular da Alcaldía, e o equipo de goberno confunde o partido co goberno, e di que non lle estraña nada a estas alturas e que é inaceptable, indicando que o equipo de goberno debe retirar esta proposta da orde do día para facer as cousas ben.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B	

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que o vai explicar por se non o entenderon ben e di que no pleno de organización, no mes de xullo do 2019, xusto no primeiro pleno despois de que o alcalde fora elixido, o alcalde, que é a quen lle corresponde, fixo unha proposta de organización do goberno municipal que, entre outras cuestións, como o número de concellarías, a denominación, as áreas de goberno, etc, tamén propuxo o nomeamento de representantes da Corporación, e repite que se trata de representantes da Corporación, non do goberno, en distintos órganos, entre os que se atopaba o Consorcio das Mariñas, sendo designados naquel momento o titular, o Sr. Rioboo, e a suplente, dona Guadalupe Pombo Carril, tenente de alcalde e hoxe alcaldesa en funcións; que se se quere modificar dito acordo, a proposta ten que partir do mesmo órgano, que é a Alcaldía, polo que pide que se retire esta proposta da orde do día para poder modificala e levala ben redactada ao pleno; que non sabe se isto é representativo de que en realidade a proposta non parte da Alcaldía e o grupo de goberno ten un problema entre os seus membros e por iso a Sra. Figueroa Fuentes toma as iniciativas pola man e exerce de voceira decidindo que a actual tenente de alcalde xa non representa ao equipo de goberno e que mellor que vaia outra persoa do partido no seu sitio.

Segue a dicir o Sr. Chouciño Garrido que será interesante estar á espreita no futuro inmediato e ver se se está ao inicio dunha bóla de neve que vai ir a máis pois non deixa de ser significativo que, erro mediante, quen faga a proposta non sexa a voceira titular, dona María Guadalupe Pombo Carril, senón a voceira suplente, a Sr. Figueroa Fuentes, amosando así que exerce de visir no lugar do visir, como dicía o famoso tebeo dos 80, e que empeza nesa función cunha metedura de pata de moito rosmillo, rematando a súa intervención dicindo que hai que estar atentos, estar á espreita, porque é posible que se aveciñe temporal.

A Sra. Presidenta fai uso da palabra e, dirixíndose ao Sr. Chouciño Garrido, dille que non hai ningún temporal e que o goberno municipal non ten ningún problema en retiralo para que se valore e se informe se efectivamente non está correctamente presentado desde o grupo político.

De seguido, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de retirar da orde do día a proposta da voceira suplente do grupo municipal socialista de Culleredo, de data 25 de marzo de 2022, sendo aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

### **3.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG SOBRE EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PROXECTO RELACIONADO CO VIAL 18.**

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/07/2004) e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete a ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG, de data 22 de abril de 2022, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión e que transcrita di o seguinte:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta para o seu debate en Pleno a seguinte

#### **Proposta para a exposición pública do proxecto relacionado co VIAL18**

A veciñanza de Culleredo en xeral e a da contorna de Castro de Vilaboa e A Laxe, está desconcertada e preocupada polos sucesivos anuncios da prensa sobre un vial paralelo ao proxectado e aínda sen concluír a súa tramitación, Vial18.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B	

Lembremos que ademais, cando se someteu o proxecto a exposición pública, non se incluíu na documentación aquela, a relativa á mochila que leva consigo e que ven mencionada no texto:

Trátase do apartado "7.12.2 COORDINACIÓN CON OTRAS ACTUACIONES" que di:

*"El presente proyecto se ha coordinado con las siguientes actuaciones que se llevarán en un futuro en la zona y que afectan a su diseño".*

**Proyecto de Ampliación de capacidad de la AP-9. Tramo Elviña-A Barcala**

*Realizado por Eptisa para Audasa en coordinación con la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia (Ministerio de Fomento) en Abril de 2008. Este proyecto, realizado con definición y detalle de proyecto constructivo, no ha sido sometido a ninguna aprobación provisional oficial ni a ningún trámite de información pública, aunque está preparado para que en cualquier momento puedan iniciarse los trámites si así lo decidiese por parte de la Superioridad.*

...

*El proyecto consiste en la ampliación de la capacidad de autopista a tres carriles por sentido. Se diseña un **tramo de ampliación de la plataforma a cuatro carriles desde el futuro enlace en A Corveira hasta el enlace del área de servicio**. Así desde el enlace de A Corveira hasta el siguiente enlace, el enlace del área de servicio de O Burgo, **se ha proyectado el trazado con cuatro carriles**, de tal manera que los futuros ramales del enlace serán una prolongación del cuarto carril de la autopista y los dos enlaces quedarán comunicados con un carril de trenzado.*

C.I.F. P-1503100-H

Pretender engadir un viario paralelo dentro do mesmo proxecto e non sometelo a exposición pública, deixa en condicións de indefensión a aquela xente que co proxecto orixinario non se sentía afectada e agora si.

Deixar ese proxecto modificado, que supón un cambio substancial do proxecto inicial, sen someter a avaliación ambiental sería unha temeridade desde o punto de vista da tramitación, e unha vulneración dos dereitos cidadás.

Acabamos de velo coas últimas novas do proxecto da Vía Ártabra, que foi tirado abaixo pola xustiza debido aos recursos que se basearon en deficiencias na tramitación, ignorando as súas afectacións ambientais e desprezando o trazado consensuado entre os Concellos na súa orixe como vector de cohesión social e territorial. A Xunta actuou de forma irresponsable e as consecuencias págaas a veciñanza que segue a agardar por solucións de mobilidade.

O propio Vial18 xa tivo que reiniciar a súa tramitación debido a deficiencias postas de manifesto pola veciñanza na súa primeira tramitación, xa van ben de anos. As distintas administracións perseveran en facer as cousas mal provocando atraso tras atraso nas medidas para solucionar a mobilidade comarcal e aínda por enriba despois bótanlle a culpa a quen os deixou en evidencia.

Culleredo debe estar tamén pendente da evolución do proxecto da Vía Ártabra xa que de non conectar coa autovía A6 non estaría sendo unha infraestrutura para todos como tal como se consensuara o seu trazado na súa orixe, e estaría ao servizo de meter máis tráfico nunha autoestrada de peaxe que beneficia á concesionaria a costa do peto da veciñanza e suporía, xunto co Vial18, ese incremento de tráfico que busca facer inevitable a ampliación da autoestrada ao paso por todo o seu percorrido en Culleredo, coas implicacións que implicaría para o noso municipio.

As cousas débense facer ben e non se están facendo ben de forma reiterada, obstinada e irresponsable.

É por iso que queremos propoñer ao Pleno da Corporación, para o seu debate e se procede, aprobación:

Demandar do Goberno do Estado e os Ministerios con competencias na tramitación, así como da Xunta de Galiza segundo corresponda:

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B	

o Que se someta a exposición pública o proxecto completo do VIAL18, incluíndo ese vieiro paralelo e o proxecto relacionado de ampliación de capacidade da autoestrada AP9 ao dobre de carrís.

o Que o reinicio da tramitación da Vía Ártabra volva ao consenso sobre o trazado que se acordara polos concellos inicialmente buscando ser vector de cohesión social e territorial coa menor agresión e sacrificio de territorio e medio ambiente.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que en principio os membros do seu grupo están de acordo co que se propón na moción pero que lles gustaría propoñer unha emenda no seguinte senso:

Que o punto número 1 da proposta quede redactado da seguinte forma:

“o Que se someta a exposición pública o proxecto completo do VIAL18, incluíndo ese viario paralelo.”

Que o segundo punto quede como está pasando a ser o terceiro e que se inclúa como punto segundo o seguinte:

“o Solicitar acceso ao expediente e ao proxecto construtivo relacionado coa ampliación da capacidade da autopista AP9”

C.I.F. P-1503100-H

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e pregunta para quen se propón solicitar o acceso ao expediente e que el considera que non se trata dunha exposición pública e que é suficiente con que os membros da corporación teñan acceso ao expediente; que todo o que afecte ao plano viario comarcal non deba ir por partes e debería someterse completo a exposición pública; que non sabe a quen pretende defender o goberno municipal coa emenda que propón pero que sabe da dependencia dos seus votos para que poida prosperar e queren que haxa unha exposición completa do vial 18 co viario paralelo polo que, se teñen que encaixar ese gol, repetindo que non sabe a que se debe, que o terán que encaixar pero que non entenden por que non se acepta a proposta tal como está; que como a parte principal e a máis importante é que se expoña ese viario paralelo xunto co vial 18, os membros do seu grupo están dispostos a admitir a emenda e solicita que, en canto o Ministerio poña a disposición o expediente, o goberno municipal o poña a disposición de toda a corporación.

Rematadas as intervencións, a Presidencia manifesta que vai someter a votación ordinaria a moción do grupo político do BNG, de data 25 de marzo de 2022, coa emenda proposta.

Intervén a Sra. Secretaria, quen solicita se indique como queda o apartado segundo coa emenda.

A Sra. Figueroa Fuentes intervén e di que quedaría do seguinte xeito:

“o Solicitar acceso ao expediente e ao proxecto construtivo relacionado coa ampliación da capacidade da autopista AP9 e poñelo a disposición de toda a Corporación.”

De seguido sométese a votación ordinaria a moción coa emenda proposta, que resulta aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, a moción do grupo político do BNG resulta aprobada coa emenda, quedando redactada a parte dispositiva da seguinte forma:

“● Demandar do Goberno do Estado e os Ministerios con competencias na tramitación, así como da Xunta de Galiza segundo corresponda:

o Que se someta a exposición pública o proxecto completo do VIAL18, incluíndo ese vieiro paralelo.

o Solicitar acceso ao expediente e ao proxecto construtivo relacionado coa ampliación da capacidade da autopista AP9 e poñelo a disposición de toda a Corporación.

o Que o reinicio da tramitación da Vía Ártabra volva ao consenso sobre o trazado que se acordara polos concellos inicialmente buscando ser vector de cohesión social e territorial coa menor agresión e sacrificio de territorio e medio ambiente.”

#### **4.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.**

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 170 resolucións numeradas da 641 á 810 do ano 2022, que se relacionan deseguido:

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-04-2022
641	23/03/2022	Levantamento do reparo UIT16I0062 que formula a Intervención xeral e orde continuación tramitación expediente. (Contratación 5 conserxes Plan de emprego local (PEL)). Consta nota informativa de secretaría 24/2022.	
642	23/03/2022	Concesión dunha bonificación do 50% por familia numerosa na taxa por distribución de auga sobre os consumos comprendidos entre 30 e 60 m3 a M.M.R.V. con efectos 01-04-2022.	
643	23/03/2022	Aprobación da cancelación do aval constituído por SERVIPLUSTOTAL SL, por importe de 2.227,68€ en concepto de garantía definitiva do contrato: ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS E DE BENESTAR 2015/2016 Lote 2.	
644	23/03/2022	Declaración da xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, do funcionario J.M.G.V. Consta dilixencia secretaria.	
645	23/03/2022	Imposición sanción tráfico, expediente 24820/2021.	
646	23/03/2022	Aprobación asignacións concelleiros/as da Corporación pola súa asistencia a sesións de Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Xuntas de Voceiros durante o mes de xaneiro de 2022, importe total de 9.450€. Consta dilixencia secretaria.	
647	23/03/2022	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo os días 8 e 9 de abril de 2019 de B.P.F. Consta dilixencia secretaria.	
648	23/03/2022	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de M.A.R. Consta dilixencia secretaria.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-04-2022
649	23/03/2022	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo os días 4, 6, 11 e 13 de febreiro de 2019 de J.C.C. Consta dilixencia secretaria.	
650	23/03/2022	Autorización, disposición, recoñecemento da obriga e ordenación do pago do gasto "Dietas asistencia comisión valoración proceso selectivo". (Selección mestres/as cursos AFD). Consta dilixencia secretaria.	
651	23/03/2022	Denegación a F.B.C. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade. Consta dilixencia secretaria.	
652	23/03/2022	Informe favorable transmisión licenza municipal taxi núm. 33 a favor de R.F.A.	
653	24/03/2022	Concesión a E.G.F. e M.V.R.D. do servizo de Teleasistencia domiciliaria.	
654	24/03/2022	Aprobación dos recibos de liquidación de cotizacións da seguridade social do mes de febreiro de 2022 correspondentes ás nóminas dos empregados públicos do Concello. Importe líquido 141.020,55. Consta dilixencia secretaria.	
655	24/03/2022	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente 1489/2022 e máis.	
656	24/03/2022	Levantamento do reparo UIT16I006X que formula a Intervención xeral e avocación da competencia para continuar coa tramitación do expediente (gratificacións servizos extraordinarios membros Policía Local. Consta dilixencia secretaria.	
657	24/03/2022	Levantamento do reparo UIT16I006Y que formula a Intervención xeral e avocación da competencia para continuar coa tramitación do expediente. (Concesión membros servizo Protección Civil gratificación servizos extraordinarios). Consta dilixencia secretaria.	
658	24/03/2022	Anulación da liquidación practicada a J.G.M. correspondente ao 1º trimestre de 2022 e aprobación dunha nova na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55 m3/ trimestre serán os establecidos para o 2º tramo 0,66€/m3 (fuga auga).	
659	24/03/2022	Concesión dunha bonificación do 50% por familia numerosa na taxa por distribución de auga sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a D.L.L. con efectos 01-04-2022.	
660	24/03/2022	Baixa nos servizos municipais de Axuda no fogar, Xantar na casa e Teleasistencia domiciliaria solicitados por M.E.L.M.	
661	24/03/2022	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 28-03-2022.	

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B</b>	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-04-2022
662	24/03/2022	Substitución como membro da Comisión de acción social para o estudo das axudas correspondentes ao ano 2021 en representación do Servizo de persoal e organización de K.P.D.A. por C.A.T. Consta dilixencia secretaria.	
663	24/03/2022	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Voceiros do día 25-03-2022.	
664	24/03/2022	Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D. <sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril os días 25 e 28 de marzo de 2022.	
665	25/03/2022	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2022/38, por un importe total de 94.468,98€.	
666	25/03/2022	Anulación da liquidación practicada no consumo auga a PROFESSIONAL SOFTWARE SA correspondente 4º trimestre de 2021 e aprobación dunha nova na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>100 m3/ trimestre serán os establecidos para 2º tramo 0,88€/m3.	
667	25/03/2022	Establecemento dunha reserva de praza de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida na rúa Salvador Allende, diante do núm. 7.	
668	25/03/2022	Autorización do uso especial por TELEFONICA DE ESPAÑA SAU dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización de 8 m con tubo de PVC 63 mm na rúa Eduardo Pondal núm. 3.	
669	25/03/2022	Requirimento a O.M.G.M. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo de marca ROVER modelo 620SI, con placas de matrícula M6529SP que presenta evidentes signos de abandono na rúa Andrés Pan Vieiro.	
670	25/03/2022	Denegación da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por R.I.A.	
671	25/03/2022	Autorización, disposición, recoñecemento dunha obriga por importe de 220,49€ en concepto de franquía e a compañía MAPFRE ESPAÑA deberá abonar 275,43€ en concepto de xuros e costas. (Procedemento abreviado 143/2021-M).	
672	25/03/2022	Convocatoria á sesión extraordinaria do Pleno Municipal do día 30-03-2022.	
673	28/03/2022	Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do día 31-03-2022.	
674	28/03/2022	Aprobación das nóminas dos empregados públicos deste Concello correspondentes ao mes de marzo de 2022 e o gasto correspondente, agás a da empregada R.S.T. Importe total neto 362.763,57€. Consta dilixencia secretaria.	



NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-04-2022
675	28/03/2022	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2022/43, por un importe total de 91.616,01€.	
676	28/03/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0279 contra J.B.B.	
677	28/03/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0278 contra A.M.D.	
678	28/03/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0280 contra S.V.E.	
679	28/03/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0281 contra J.C.B.	
680	28/03/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0282 contra A.M.S.	
681	28/03/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0283 contra M.L.F.O.	
682	28/03/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0284 contra J.G.V.	
683	28/03/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0285 contra T.G.S.	
684	28/03/2022	Aprobación da nómina da empregada R.S.T. correspondente ao mes de marzo de 2022. Consta dilixencia secretaria.	
685	29/03/2022	Procedencia execución subsidiaria para a limpeza e desbroce dos terreos situados referencia catastral 0366408NH5906N que resultan necesarios para manter o terro nas debidas condicións de seguridade/salubridade e aprobación liquidación provisional 69,87€.	
686	29/03/2022	Inicio Expte. execución subsidiaria limpeza e desbroce terreos Ref. catastral 0366103NH5906N que resultan necesarios para manter terreo debidas condicións seguridade/salubridade, aprobación liquidación provisional 262,65€ e requirir o seu ingreso M.O.G.L.	
687	29/03/2022	Concesión a M.C.V. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos) e denegación a J.S.C. do servizo municipal de Axuda a domicilio.	

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B</b>	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-04-2022
688	29/03/2022	Concesión a T.L.F.S. dunha axuda económica para o pago de parte da factura de instalación de fontanería correspondente ao orzamento número 34215 de Rey Pose Fontanería por importe de 1063,15€.	
689	29/03/2022	Aceptación do desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar formulado por J.C.P.	
690	29/03/2022	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para liña eléctrica subterránea de baixa tensión para subministro vivenda situada no lugar da Regueira, parroquia de Almeiras.	
691	29/03/2022	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para liña eléctrica subterránea de baixa tensión para subministro vivenda situada na rúa Juana Capdeville, parroquia de Orro.	
692	29/03/2022	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para subministro eléctrico en baixa tensión vivenda unifamiliar situada no lugar de Laxe, parroquia de Rutis.	
693	29/03/2022	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para provisión de servizo vivenda RBTS en Vinseira Pequena, parroquia de Celas.	
694	29/03/2022	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para retranqueo de apoio en Lg Liñares, parroquia de Culleredo.	
695	29/03/2022	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para subministro en RBTS a vivenda unifamiliar en Tarrío, parroquia de Culleredo.	
696	29/03/2022	Levantamento do reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a adxudicación do contrato "Servicios de asistencia técnico-xurídica en materia de protección de datos" a executar por E.E.S.C. polo importe de 3.267,00€.	
697	29/03/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/44, por un importe total de 536,11€.	
698	29/03/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/45, por un importe total de 12.384,57€.	

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B</b>	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-04-2022
699	29/03/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/46, por un importe total de 2.708,68€.	
700	29/03/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/47, por un importe total de 1.989,80€.	
701	29/03/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/48, por un importe total de 60.776,40€.	
702	29/03/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos Operación 220220002441, por un importe total de 586,85€.	
703	29/03/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/287 contra M.V.G.	
704	29/03/2022	Baixa no servizo de Xantar na casa de R.P.M. e L.D.C.	
705	29/03/2022	Establecemento dunha reserva de praza de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida na rúa San Manuel, fronte ao número 2.	
706	29/03/2022	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 170 a A.B.B.	
707	29/03/2022	Inicio expediente execución subsidiaria limpeza e desbroce terreos situados referencia catastral 2045905NH5924N para mantelos debidas condicións seguridade/salubridade, aprobación liquidación provisional 2.091,98€ e requirir o seu ingreso a MONIJO SL.	
708	30/03/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/49, por un importe total de 10.006,33€.	
709	30/03/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/277 contra F.I.R.	
710	30/03/2022	Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, o día 31-03-2022.	
711	30/03/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/289 contra S.S.E. (VAI LAVAR OS PRATOS SL).	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-04-2022
712	30/03/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/290 contra J.I.A.	
713	30/03/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/291 contra A.H.C.	
714	30/03/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/292 contra L.C.T.	
715	30/03/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/293 contra C.T.A.	
716	30/03/2022	Denegación a M.A.V.M. das axudas para abono de hipoteca.	
717	30/03/2022	Concesión a F.J.C.S. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1.158€.	
718	30/03/2022	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a S.G.F. do recibo de auga do 3º trimestre de 2021 (60,22€).	
719	30/03/2022	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a I.Z.R.S. de 648,59€ correspondente aos recibos e auga do 1º trimestre (56,65€) de 2021 e máis recibos de auga, gas e luz do 2021.	
720	31/03/2022	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e orde de pago das facturas incluídas na relación O/2022/50 (DUSI), por un importe total de 9.245,73€.	
721	31/03/2022	Concesión a K.P.D.A. dun anticipo salarial.	
722	31/03/2022	Concesión dunha bonificación do 50% por familia numerosa na taxa por distribución de auga sobre os consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a J.A.G.C. con efectos 01-04-2022.	
723	31/03/2022	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura Operación 220220002540 por un importe total de 17.363,00€.	
724	31/03/2022	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2022/51, por un importe total de 52.754,25€.	
725	31/03/2022	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 04-04-2022.	
726	01/04/2022	Non procedencia ampliación servizo de Axuda no fogar por libre concorrencia de J.S.P. e non procedencia da ampliación do servizo municipal de Axuda a domicilio de M.G.L.	

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B</b>	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-04-2022
727	01/04/2022	Concesión a P.C.G. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de tres horas á semana (agás festivos).	
728	01/04/2022	Concesión a J.P.S. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana (agás festivos).	
729	01/04/2022	Concesión a J.M.C. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de tres horas á semana (agás festivos) e a M.D.G.P.G. de dúas horas á semana (agás festivos)	
730	04/04/2022	Aprobación da lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as para o proceso de formación dunha lista de substitución de profesor/a de música, especialidade saxofón (persoal laboral temporal). Consta dilixencia secretaria.	
731	04/04/2022	Autorización, disposición, recoñecemento da obriga e orde de pago da factura Operación 220220002807, por un importe total de 7.300,00€.	
732	04/04/2022	Aprobación liquidacións contidas padróns presentados por Gestagua, SA relativos taxa distribución auga, IVE taxa distribución auga, taxa depuración augas residuais (IVE engadido) e canón auga 1º trimestre 2022 e autorización cobro correspondentes recibos.	
733	04/04/2022	Outorgamento L.V.L., en representación CIRCO EVOLUTION, autorización demanial ocupación dominio público local no lugar explanada recinto feiral O Burgo para a celebración do espectáculo "Oceanika El tesoro de Poseidón" do 04-04-2022 ao 24-04-2022.	
734	05/04/2022	Inicio expediente disciplinario ao funcionario J.R.P.R., designación instrutor Expte. J.V.T. e secretaria K.D.A., adopción como medida provisional suspensión temporal funcións J.R.P.R. durante 6 meses. Consta nota informativa secretaria 32/2022.	
735	07/04/2022	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2022/52, por un importe total de 12.592,70€.	
736	07/04/2022	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2022/53 (Covid), por un importe total de 1.702,61€.	
737	07/04/2022	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.Q.G. de 270,54€ correspondente aos recibos de auga do 3º trimestre de 2021 (76,63€) e máis recibos de auga, gas e luz de 2021.	
738	07/04/2022	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.A.S.T. do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2021 (70,62€).	

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B</b>	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-04-2022
739	07/04/2022	Concesión a C.E. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1.158€.	
740	07/04/2022	Concesión a I.C.R. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1.158€.	
741	07/04/2022	Concesión a K.Y.C.A. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1.158€.	
742	07/04/2022	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.C.B.L. de 516,14€ correspondente a recibos de electricidade do 20/01/2021 (40,28€) e máis recibos.	
743	07/04/2022	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 3823/2022 e máis.	
744	07/04/2022	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 171 a D.G.G.	
745	07/04/2022	Concesión a A.G.G. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1.158€.	
746	07/04/2022	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.G.V. de 380,44€ correspondente ao pago dos recibos de comunidade de agosto a novembro de 2021 (50€/mes) e máis recibos.	
747	07/04/2022	Concesión a M.T.C. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1.158€.	
748	07/04/2022	Concesión a J.R.B. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
749	07/04/2022	Concesión a M.L.S.C. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1.158€.	
750	07/04/2022	Aprobación proxecto Obradoiro dual de emprego denominado "CULLEREDO ACTIVO" para capacitación 20 persoas especialidades Pintura industrial en construción e Traballos de carpintería e moble e solicitude á Consellería Emprego e Igualdade subvención 503.987€	
751	07/04/2022	Concesión a membros do servizo de emerxencias dunha gratificación por servizos extraordinarios realizados fóra da súa xornada de traballo. Consta dilixencia secretaria.	
752	07/04/2022	Aprobación recibo de reclamación de débeda. Importe total de devengos: 79,69€.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-04-2022
753	07/04/2022	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2022/55, importe total 576,19€.	
754	07/04/2022	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2022/54, importe total 71.849,52€.	
755	07/04/2022	Concesión a C.E.E. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agas festivos) das cales dúas as compartirá con J.B.G.	
756	07/04/2022	Concesión a P.C.G. do servizo de Teleasistencia domiciliaria.	
757	07/04/2022	Concesión a M.P.G. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos).	
758	07/04/2022	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago F.R.B.I. recibo de luz por un importe total 65,60€ correspondente as facturas de data de emisión 25/11/2021 (49,20€) e 05/12/2021 (16,40€) e da factura de gas de data de emisión 06/12/2021 (52,09€).	
759	07/04/2022	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a A.G.R. de 135,11€ correspondente ao recibo de auga do 4º trimestre de 2021 (64,51€) e do recibo de luz de data de emisión 08/12/2021 (70,60€).	
760	07/04/2022	Autorización, disposición, recoñecemento de orde de pago a M.J.S.T. do recibo de gas de data 21/12/2021 (19,60€).	
761	07/04/2022	Concesión a V.A.T. dunha axuda económica para o pago de hipoteca por importe de 1.158€.	
762	08/04/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0288 contra N.B.V.	
763	08/04/2022	Inicio do procedemento administrativo sancionador SCOVID/CULLEREDO/0286 contra A.M.S.	
764	08/04/2022	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 11-04-2022.	
765	08/04/2022	Aprobación e sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Culleredo e o Concello da Coruña para a realización dun proxecto de obradoiro dual de emprego denominado "CULLEREDO ACTIVO".	
766	08/04/2022	Concesión cambio titularidade licenza para uso especial dominio público para reserva espazo entrada e saída de vehículos (modalidade reserva permanente 24 horas) para local situado na rúa Dereitos Humanos, que ten a licenza 282, a favor de J.J.B.R.	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-04-2022
767	08/04/2022	Imposición sanción tráfico. Expediente 26550/2021.	
768	08/04/2022	Concesión da licenza municipal núm. 438 para uso especial de dominio público, para reserva de espazo de entrada e saída de vehículos (modalidade reserva permanente 24 horas), para lo local situado na Av. Vilaboa a V.M.N.C.	
769	11/04/2022	Cumprimento da sentenza 000154/2021 do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 da Coruña e proceder a extinción do contrato de traballo de R.S.T. con data 30-04-2022.	
770	11/04/2022	Concesión a L.M.M. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
771	11/04/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición, recoñecemento dos gastos e ordenación do pago Operación 220220002904, importe total 152,76€.	
772	11/04/2022	Alta como condutor asalariado da licenza de autotaxi núm. 1 a M.A.R.L.	
773	12/04/2022	Aceptación do desestímulo da solicitude do servizo de Xantar na casa formulado por P.P.I.	
774	12/04/2022	Concesión a E.O.M. da renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
775	12/04/2022	Aprobación da lista de substitución de profesor de música na especialidade de guitarra, frauta, piano, acordeón, violonchelo, composición, violín, clarinete, canto e trompeta (persoal laboral temporal).	
776	13/04/2022	Desestimación do recurso de reposición presentado por J.B.S. no expediente sancionador SCOVID/CULLEREDO 0037.	
777	13/04/2022	Aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2022/59, por un importe total de 31.313,34€.	
778	13/04/2022	Aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2022/60 (Covid), por un importe total de 19.418,72€.	
779	13/04/2022	Aprobación, disposición e recoñecemento obriga Operación 220220003094, por un importe total de 29,35€.	
780	13/04/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/64, importe total 13,873,78€.	
781	13/04/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/63, importe total 772,25€.	



NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-04-2022
782	13/04/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/62, importe total 1,804,23€.	
783	13/04/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/61, importe total 6.661,14€.	
784	13/04/2022	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19-04-2022.	
785	18/04/2022	Aprobación lista definitiva aspirantes admitidos e excluídos proceso selectivo convocado para formación lista substitución auxiliar administrativo/a, persoal funcionario interino, polo procedemento de concurso-oposición. Consta dilixencia secretaria.	
786	19/04/2022	Anulación liquidación M.E.M.A. no domicilio situado no lugar de Rumbo do 1º trimestre de 2022 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55 m3/trimestre) serán os establecidos para o 2º tramo 0,66 €/m3 (fuga auga).	
787	19/04/2022	Denegación da solicitude dunha bonificación para o ano 2022 sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade na taxa por distribución de auga a O.V.R.G.	
788	19/04/2022	Renovación do permiso municipal de condutor asalariado da licenza de autotaxi núm. 2 do Concello de Culleredo a J.J.L.M.	
789	19/04/2022	Baixa de M.L.V.L. no servizo municipal de Axuda no fogar.	
790	19/04/2022	Asunción da cobertura dos gastos derivados de cadaleito, traslado e sepelio do finado A.J.G. e aprobación do gasto por importe de 1501,72€ correspondente a factura F/2022/555 a favor do Tanatorio Funeraria Apóstol SL.	
791	19/04/2022	Baixa de M.J.G.E. no servizo municipal de Axuda no fogar.	
792	19/04/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos Operación 220222811, importe total 687,06€.	
793	19/04/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos Operación 220220002592, importe total 328,62€.	

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B</b>	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-04-2022
794	19/04/2022	Levantamento do reparo suspensivo que formulou a interventora municipal e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos factura F/2022/296 da empresa Elaborados Metálicos Bardanca SLU.	
795	19/04/2022	Aceptación da cesión que fan P.C.S. e M.B.C.V. a favor do Concello de Culleredo dunha superficie de 89 m2 para o seu destino a viario público.	
796	19/04/2022	Renovación do permiso municipal de condutor do Concello de Culleredo a M.S.V.	
797	19/04/2022	Informe favorable autorización interurbana para exercer servizo transporte colectivo urbano co vehículo marca SKODA OCTAVIA, matrícula 6848LWN de 5 prazas, número de identificación TMBJG7NX4NY066493, en substitución do vehículo matrícula 7305JTS a M.S.V.	
798	19/04/2022	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico, expediente 4340/2022 e máis.	
799	19/04/2022	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.M.M.T. do recibo de auga do 4º trimestre de 221 (68,61€) e máis recibos.	
800	19/04/2022	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a Y.G.C. do recibo de luz correspondente a data de emisión 09/12/2021 (72,26€) e máis.	
801	19/04/2022	Concesión a C.P.G.O. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1158€.	
802	19/04/2022	Concesión a K.Y.P.O. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1.158€.	
803	19/04/2022	Concesión a J.L.I.S. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1.158€.	
804	19/04/2022	Concesión a Y.C.M.A. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1158€.	
805	19/04/2022	Concesión a K.M.A.J. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1158€.	
806	20/04/2022	Alta como condutor asalariado da licenza de autotaxi núm. 10 do Concello de Culleredo de J.M.C.C.	
807	20/04/2022	Renovación do permiso municipal de condutor (asalariado da licenza de autotaxi núm. 12) do Concello de Culleredo de S.S.B.	

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B</b>	

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 28-04-2022
808	20/04/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/56, importe total 71.177,47€.	
809	20/04/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/57, importe total 8.422,40€.	
810	20/04/2022	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/58, importe total 2.200€.	

**5.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DE DATA 28 DE MARZO DE 2022 SOBRE CONVOCATORIA E BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA, INCLUÍDA A LIÑA 1.1. DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL) (5 CONSERXES).**

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 28 de marzo de 2022, relativo a convocatoria e bases da convocatoria para a contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluída a liña 1.1. do plan de emprego local (PEL) (5 conserxes).

**6.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DE DATA 11 DE ABRIL DE 2022 RELATIVO A APROBACIÓN INICIAL DO “PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS NUN ÁMBITO DE SOLO RÚSTICO NO LUGAR DE RUMBO”.**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 11 de abril de 2022, relativo a aprobación inicial do “Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo”.

**7.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 14/03/2022 (código de documento UIT16I0062)
- Informe de data 23/03/2022 (código de documento UIT16I006X)
- Informe de data 23/03/2022 (código de documento UIT16I006Y)

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B	

C.I.F. P-1503100-H

- Informe de data 17/03/2022 (código de documento UIT16I006D)
- Informe de data 22/03/2022 (código de documento UIT16I006N)
- Informe de data 22/03/2022 (código de documento UIT16I006P)
- Informe de data 22/03/2022 (código de documento UIT16I006Q)
- Informe de data 22/03/2022 (código de documento UIT16I006R)
- Informe de data 22/03/2022 (código de documento UIT16I006T)
- Informe de data 22/03/2022 (código de documento UIT16I006L)
- Informe de data 22/03/2022 (código de documento UIT16I006U)
- Informe de data 01/04/2022 (código de documento UIT16I0086)
- Informe de data 01/04/2022 (código de documento UIT16I0087)
- Informe de data 01/04/2022 (código de documento UIT16I0084)
- Informe de data 01/04/2022 (código de documento UIT16I0088)
- Informe de data 04/04/2022 (código de documento UIT16I008A)
- Informe de data 22/03/2022 (código de documento UIT16I006V)
- Informe de data 28/03/2022 (código de documento UIT16I007H)
- Informe de data 04/03/2022 (código de documento UIT16I0052)
- Informe de data 22/03/2022 (código de documento UIT16I006M)
- Informe de data 01/04/2022 (código de documento UIT16I0082)
- Informe de data 01/04/2022 (código de documento UIT16I0085)

## **8.- DACIÓN DE CONTA DE CESIÓN DE TERREOS PARA VIARIOS PÚBLICOS.**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal da resolución número 795, de data 19/04/2022, de aceptación da cesión dunha superficie de 89 m2 para o seu destino a viario público no lugar de rúa Cillobre, parroquia de Culleredo, formalizada en escritura pública outorgada o 15 de xullo de 2021 ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia don Rafael Benzo Sanz, co número 2487 do seu protocolo.

## **9.- MOCIÓNS URXENTES.**

Non se presenta ningunha moción neste punto da orde do día.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B	

## **10.- ROGOS E PREGUNTAS**

A Presidencia pregunta aos asistentes se teñen algún rogo ou pregunta que facer.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro o grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que lle gustaría ter un orde nos seus rogos pero ten que comentar primeiro que, como xa teñen dito noutras ocasións, o alcalde escapa, sen acudir nin a comisións, nin a plenos, quizáis pensando que van esquecer, e di que podería ser que o esqueceran a el se segue sen aparecer pero que o que non van esquecer as súas accións sobre todo cando teñen que ver con cuestións tan graves como as que vai numerar nos rogos que presenta; que os membros do equipo de goberno presentes son no pleno a representación e o apoio do Sr. alcalde polo que lles di que a ver como poden defender as cuestións que vai referir; que en primeiro lugar quere comentar que nas últimas semanas está de actualidade, e di que el o calificaría como infame actualidade, unha páxina de Facebook denominada "Culleredo hoy" e que dita páxina se describe como un medio de comunicación que ofrece "información hecha por profesionales de la comunicación para redes sociales"; que abonda con botar unha ollada ás súas publicacións para coñecer a liña editorial dese "medio de comunicación" di que entre comillas cada vez que poña "medio de comunicación" porque basicamente a liña editorial deste "medio de comunicación" é Rioboo é dios e o resto o demo e que poderían botar horas desacreditando as mentiras e insultos dirixidos aos membros da oposición da Corporación de Culleredo e tamén a veciños e veciñas do municipio que nada teñen que ver coa política pero que o seu grupo vaise centrar noutro aspecto ben interesante que é quen está detrás de "Culleredo hoy" e di que dita páxina de Facebook ten asociado un enderezo electrónico como medio de contacto, e rectifica dicindo que debe dicir tiña asociado un enderezo electrónico porque desde que esta cuestión saíu á luz, acto seguido, dito enderezo electrónico desapareceu da páxina como medio de contacto; que dito enderezo electrónico é [culleredo@tunoticias.es](mailto:culleredo@tunoticias.es), enderezo que está asociado a un dominio, un enderezo web, tunoticias.es, sendo que todos os dominios, ate google.com, teñen detrás un titular, un propietario, existindo bases de datos para consultar quen ten rexistrado un dominio e abondando unha consulta na base de datos pública dominios.es, dependente do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, para ver que o titular do dominio "tunoticias.es" é un tal José Ramón Rioboo; que parece unha grande casualidade pero non resulta ser tanta casualidade pois dita páxina de Facebook, asociada a dito dominio, o único que procura é ensalzar o ego do alcalde quen, como ben dixo el no pleno, e di que é unha mágoa que non estea na sesión para replicarllo ou para contradicirse a si mesmo, o Sr. Rioboo, alcalde de Culleredo, é un profesional da comunicación, sendo tamén causalidade que coincida coa descrición da páxina "Culleredo hoy" cal é "información hecha por profesionales de la comunicación".

Segue a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que, novamente, non merece a pena debater sobre se o Sr. alcalde perde o tempo escondéndose tras perfís falsos na rede para lanzar calumnias, mentiras e burlas contra a oposición e contra veciños e veciñas de Culleredo, engadindo que el pensa que o Sr. alcalde debería estar aproveitando o tempo noutras moitas cousas como por exemplo recibir a veciños e veciñas que levan reclamando unha reunión con el e que seguen agardando despois de meses, e incluso anos; que é bastante patético e que os membros do goberno municipal saberán o que apoian e o que defenden e que os membros do grupo políticodo BNG vanse centrar nese "medio de comunicación", "hecho por profesionales de la comunicacion" porque se eses profesionais son tal, o Sr. alcalde debería defender ao seu gremio e deberían estar pagados, debendo ter "Culleredo hoy" o "tunoticias.es" unha estrutura empresarial, por mínima que sexa, para considerarse "medio de comunicación".

Continúa o Sr. Méndez Mosquera e di que os membros do seu grupo lle rogan ao equipo de goberno que aclare, se teñen coñecemento, e di que llo preguntarán tamén ao alcalde cando apareza aínda que o siga escapando, se é o alcalde, como indican os rexistros públicos, ou un tal José Ramón Rioboo, o titular do dominio "tunoticias.es", se o alcalde está detrás das publicacións realizadas na páxina dese medio de comunicación en Facebook e se o alcalde

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B	

é actualmente propietario, socio, administrador, ou ten cargo algún nalgunha empresa relacionada con esta ou calquera actividade profesional.

A continuación fai uso da palabra a Sra. alcaldesa en funcións e lle di ao Sr. Méndez Mosquera que pode proceder co seu segundo rogo ou pregunta.

De seguido o Sr. Méndez Mosquera di que os membros do seu grupo entenden que o goberno municipal ten un papel difícil defendendo a infamia da que vén de falar e di que vai continuar co seu segundo rogo, comezando por dicir que a traxicomedia do "Morriña festival" continúa e di que o BNG non vai esquecer, aínda que podería esquecer ao alcalde xa que non vai ás sesións, as súas accións, sobre todo cando teñen que ver co uso irregular dos fondos públicos, cos cartos de todos e de todas as cullerenses, e di que vai resumir a traxicomedia dicindo que o Concello de Culleredo anuncia o patrocinio do festival con foto do alcalde diante dun cartel ben grande no que se indica claramente que patrocina o Concello de Culleredo; que o segundo capítulo é que durante meses o BNG solicitou información sobre dito patrocinio sen que se lle dera acceso a ela ata tres días antes da celebración do festival, atopándose con que no expediente non hai nin licenza, nin permiso para a súa celebración nin sequera unha única folla destinada a definir as condicións do patrocinio, recolléndose só unha folla de liquidación da taxa para pagar pola ocupación dos terreos, diante da Demarcación de Costas de Galicia, por importe de 17.000 euros, na que se amosa como suxeito pasivo para o pagamento de dita taxa o Concello de Culleredo cando quen debería pagar dita taxa é a empresa privada que organiza o dito festival; que esta empresa, para obter o permiso para celebrar o festival indica que ten unha proxección de beneficios de máis de 70.000 euros e, sen embargo, é o Concello de Culleredo o que ten que pagar a taxa pola ocupación dos terreos por valor de máis de 17.000 euros; que durante a celebración do festival, o Concello de Culleredo compra, a través dunhas facturas, entradas para distintos concertos dentro do dito festival, por valor de máis de 30.000 euros, entradas que se distribúen sen ningún tipo de sorteo nin base pública, a través de wasaps por parte dos membros do goberno municipal, de xeito indiscriminado, sen nin sequera constatar que quen recibira esas entradas era veciño ou veciña empadroada en Culleredo; que este ano o festival Morriña Fest vaise celebrar noutra localidade polo que o destino dos fondos públicos do Concello de Culleredo neste caso engordan unha marca da que non é nin propietaria, nin ten parte algunha, unha vez máis fondos públicos a unha empresa privada.... e non só iso senón que nos últimos días o goberno municipal di na prensa que espera que o festival se volva a celebrar en Culleredo o ano próximo e di que, como xa dixo o BNG no último pleno, agardan que de ser así toda a tramitación dese patrocinio cumpla con toda a legalidade correspondente e, mentres tanto, os membros do grupo político do BNG seguen a investigar porque o goberno municipal non dá falcidades ningunhas e seguen a investigar cantos cartos se destinaron a este festival de xeito irregular, levando xa meses solicitando de novo acceso aos expedientes, desde o 14 de febreiro polo que o vindeiro 14 de maio cumpríranse tres meses e terán que recurrir de novo á Valedoría do Pobo para que lles dean acceso novamente ao expediente, como xa fixeron no pasado.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a dicir o Sr. Méndez Mosquera que os membros do seu grupo seguen sen saber se o Concello de Culleredo pagou ou non a taxa cando non lle corresponde pagala, e di que rogan que dean acceso inmediato a dita información e que convocan unha comisión extraordinaria ou que inclúan na vindeira comisión correspondente toda a documentación referida á celebración de dito festival, como un punto na comisión no que se poida ter acceso a toda a información e poder aclarar cantos cartos se destinaron ao financiamento irregular dese festival.

Responde a Sra. Presidenta e di que a solicitude de acceso ao expediente entrou o 19 de abril e está trasladada desde o 21 á Secretaría para que lle dean o acceso.

Aclara o Sr. Méndez Mosquera que o escrito referido pola Sra. Pombo Carril é unha reiteración da solicitude pois o primeiro escrito de solicitude de acceso ao expediente data de 14 de febreiro.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B	

A Sra. Presidenta contesta que a solicitude xa está na Secretaría municipal para darlle acceso.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que lle traían un recado para o Sr. alcalde pero que, dado que non está, os seus compañeiros de partido llo poderán transmitir, referido a que os veciños e veciñas de Fonte da Balsa solicitan que vaia por alí e explique a burla que lles fixo antes das eleccións de maio do 2019 pois puxéronse alí unha caseta de obra e uns palés de baldosas dando a entender que se ía acometer esa obra que os veciños viran na infografía na prensa e que, quince días despois da celebración das eleccións, retiráronse, e agora os veciños queren que o Sr. alcalde vaia ata alí e lles explique por que non se realiza ese proxecto; que a segunda cuestión que quere comentar é respecto do conservatorio de música de Culleredo pois aos membros do seu grupo lle chegaron queixas de que vén de ser cesada a profesora de fruta e non se dá cuberto, non sendo esa a única carencia de profesorado que hai alí pois parece ser que tamén hai carencias en piano acompañante, que son transversais aos distintos instrumentos, e tamén en guitarra, non entendendo que vaia rematar o curso e se siga así no conservatorio e, dirixíndose á Sra. Figueroa Fuentes, lle di que se adique un pouquiño máis ao seu traballo e non a ser a delfín do Sr. alcalde e resolva os problemas de Culleredo porque hai uns meses pareceulle moi mal que o BNG pedira a dimisión da Sra. Figueroa Fuentes e non deixa de dar motivos para que a sigan pedindo.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que hai outra cuestión que quere comentar pois o pasado 31 de marzo publicouse no BOP da provincia da Coruña un anuncio da convocatoria e das bases reguladoras para a provisión en propiedade dunha praza de técnico de Urbanismo de administración especial, subescala técnica, funcionario de carreira, polo procedemento de oposición, e di que desde o BNG teñen que dicir unha vez máis que os membros do equipo de goberno empéñanse en facer as cousas mal a mantenta pois isto leva a pensar que xa andan outra vez con cuestións turbulentas pois nas bases referidas, sabendo que a Secretaría dun tribunal cualificador ten que estar ocupada pola persoa titular da Secretaría municipal e di que non é casualidade que sexa así pois o establece así a lexislación e enténdese ben rápido pois o secretario ou a secretaria dun tribunal ten como misión, entre outras, custodiar a documentación toda do proxeso, informar dos aspectos legais dos asuntos que se discutan no tribunal, funcións estas, entre outras, que corresponden á Secretaría municipal; que todo o que vén de dicir llo fixeron ver e consta na acta na que se aprobou dita resolución e non se sabe por que o goberno municipal empéñase en facer as cousas mal, pedíndolle que non se empeñen en empezar mal un proceso selectivo que vai supoñer uns recursos económicos e humanos e que no futuro podería ser impugnado dando aotrase co traballo feito ata ese momento, polo que roga que se rectifique e se faga ben.

Continúa a dicir o Sr. Chouciño Garrido que, por último, quere comentar a dación de conta do punto número 6 da orde do día da sesión que se está a celebrar referida a acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 11 de abril de 2022 relativo a aprobación inicial do "Plan especial de infraestruturas e dotacións nun ámbito de solo rústico no lugar de Rumbo" e di que este tema é moi grave pois mentras o Sr. alcalde di que non é preciso un PXOM en Culleredo porque co actual que data dos anos 90 xa se vai tirando, que mentras tanto o Urbanismo en Culleredo se desenvolva non por unha planificación municipal que ordene o territorio e organice de forma integral como corresponde ás necesidades de desenvolvemento senón que se faga a golpe de plans especiais promovidos por particulares, non é de recibo; que primeiro foi o plan especial do Casino onde o goberno municipal non quixo saber nada en relación a averiguar se invadiría monte veciñal; que despois foi o plan especial para regular o adefesio urbanístico de Industrias Caamaño, edificado en solo rústico sen licenza municipal; que a continuación foi un plan especial para facer un colexio privado na ribeira de Sésamo, en terreos recheados que non tiñan licenza para recheo e unicamente cunha autorización de Augas de Galicia, necesaria pero insuficiente e ademais incorrecta posto que se solicitaba para aproveitamento agrícola e resulta que se fixo un recheo con entullo de obra; que agora resulta que, nada menos, se aproba inicialmente un plan especial para desenvolver unha zona de Rumbo na que se pretende facer unha residencia e prospera por silencio administrativo, engadindo que non só é moi grave que o goberno municipal decaera de aprobar un plan municipal de ordenación municipal e que o Urbanismo avance a ritmo de iniciativas particulares; que isto é o reino da chapuza e que o goberno de Rioboo é propio dunha monarquía

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B	

bananera, sendo moi grave porque neste último caso parece que non se distingue entre se o silencio administrativo para os casos de Urbanismo é positivo ou negativo, e isto a pesar de que hai uns servizos xurídicos aos que consultar e a pesar tamén de que o Sr. alcalde ten un cargo de confianza, escollida por el mesmo, que é avogada de formación polo que, dirixíndose á Sra. Iglesias Becerra, lle pregunta se ten algo que dicir ao respecto, se ten algunha xustificación e se ten algunha disculpa coa cidadanía que agarda que se aprobe o PXOM para poñer en marcha plans de futuro nas súas propiedades.

A alcaldesa en funcións di que recolle todos os rogos e preguntas e que se lle dará resposta.

A continuación solicita o uso da palabra a Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido di, dirixíndose ao Sr. Chouciño Garrido, que en relación ao que comentou en materia de persoal sobre a praza de técnico de Urbanismo pídelo o mesmo que lle pide sempre, un pouco máis de precisión e de seriedade; que fala da profesora de fruta cando a día de hoxe non está cesada, tendo unha notificación de despido por unha sentenza xudicial pero a día de hoxe dita traballadora segue dada de alta e traballando; que respecto das listas que comentou di que sabe que están todas publicadas e que desde persoal se iniciaron os trámites para as listas de substitucións xa fai tempo, estando agora pendentes dun informe de fiscalización; que sobre a praza de técnico de Urbanismo, xa o Sr. Méndez Mosquera realizou a mesma pregunta en relación a outras bases insistindo en que a secretaria ou o secretario municipal ten que ser o secretario ou a secretaria do tribunal cando o tribunal dunha oposición non é un órgano colexiado; que o consultaron e iso é só a interpretación que fai da lei o BNG polo que insiste en pedirle un pouco máis de rigor e, cando usa a palabra truculenta, lle di que a única postura truculenta é a del, engadindo que os expedientes están aí e se poden ver e lle di que se quere ver o expediente do conservatorio pode consultalo e aí verá os prazos, os trámites, administrativos e legais que hai que cumprir, e o que falta para poder facer os chamamentos pois o que non se pode facer é saltar os prazos administrativos e vulnerar o dereito de ninguén a alegar ou ao que faga falta.

C.I.F. P-1503100-H

Intervén o Sr. Chouciño Garrido e di que posto que o que fixo el é un rogo e si admite debate, quere comentar dúas cuestións.

Fai uso da palabra a Sra. Figueroa Fuentes e lle di que el dixo que era unha pregunta.

O Sr. Chouciño Garrido di que é un rogo porque o que fan é rogar que se fagan as cousas ben e que, se llo permite, quere comentar que, respecto do que dixo a Sra. Figueroa Fuentes de que o que el comentou é a súa opinión, di que de todos os presentes na sesión, incluídas as persoas do público, que en total deben de ser unhas 35 persoas, cada un terá a súa opinión pero que no procedemento administrativo non é a opinión que poida ter calquera senón que é unha cuestión de ter a opinión de quen foi designado para tela e ao equipo de goberno, a secretaria municipal emítelles unha nota informativa, á que fai reflexo na acta da xunta de goberno, que é quen ten a opinión vinculante, indo a opinión del mesmo máis a da Sra. Figueroa Fuentes para o caldeiro polo que o que non se pode argumentar é que el ten outra opinión, pois isto hai que gardalo para as discusións noutros lugares pero o procedemento administrativo ten unhas asignacións para quen debe emitir as valoracións de determinadas cuestións e o asesoramento legal preceptivo corresponde á Secretaría e di que cre que pola Lei 2018 e aquí faise todo un decálogo da secuencia para chegar a esa conclusión, dicindo que un tribunal non é un órgano colexiado cando o informe da secretaria, vinculante, di que si; di que a Sra. Figueroa Fuentes lle dá aos ombros como se lle dera igual o que di a secretaria municipal e lle di que non chegou onte ao posto onde está e que sabe perfectamente que funcións ten cada un ou polo menos debería sabelo e se non o sabe é máis grave aínda e lle di que para tramitar un expediente hai que pasar os filtros necesarios e un deles é que pase a avaliación dos técnicos aos que lles corresponde facela, en particular da interventora e da secretaria; que o rogo do seu grupo é que o goberno municipal faga ben as cousas porque do contrario o que fan é deixar a porta aberta a que, despois de que se empreguen recursos públicos, económicos e humanos, nun proceso selectivo, sabendo que estes procesos son longos e se demoran no tempo, nos que hai que pagar unhas dietas á xente que asiste, no que a xente que se presenta ten



Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B	

tamén unhas molestias tendo que preparar unhas temáticas, poida haber unha causa de nulidade de pleno dereito reversible en calquera momento, habendo xurisprudencia xa ao respecto, pedindo unha vez máis que se fagan as cousas ben porque do contrario podería derivar en que todo ese proceso acabe sendo nulo; que respecto da outra cuestión mencionada pola Sra. Figueroa Fuentes en relación co conservatorio, di que lle fai gracia que recorde todo o tema dos prazos porque xa se leva falando disto un tempo e porque, ademais, ten que lembrar que van xa anos nos que se ven anotacións da secretaria municipal nas coberturas temporais que usaban unhas listas dicindo que esas listas estaban caducadas e que non se podían utilizar as listas que había anteriormente e recorda como iso deu moitos problemas e deu lugar a que alguén fora pola vía xudicial e as anulara e o equipo de goberno, á vista do informe da persoa que ten como unha labor informar, cal é a secretaria municipal, e dicía que as listas estaban caducadas, facían caso omiso, supón que co mesmo xesto de encollemento de ombros que veñen de ver na sesión, e di que daquelas chuvias veñen estes barros e que, polo tanto, di que non sabe se se están achicando os prazos ou non porque xa van ben de meses desde que se empezou a falar deste tema, pois foi antes das navidades, sendo o rogo simplemente que se poñan a elo.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que os membros do seu grupo lamentan tamén a falta de respecto do Sr. alcalde que volve a ausentarse nun pleno, a falta de respecto aos veciños e á oposición pois non vén a responder aos rogos e preguntas que lle fan.

Di a Sra. García Gorostizu que o primeiro rogo do seu grupo é moi similar ao feito polo Sr. Méndez Mosquera, do grupo político do BNG, relativo ao vídeo que se viu nas redes sociais dunha páxina, "Culleredohoy", onde se pode ler "Información hecha por profesionales de la comunicación para Redes Sociales", vese que o dominio é propiedade do Sr. alcalde de Culleredo e pregunta, xa que o alcalde non se atopa na sesión para poder contestar, cal é a opinión dos seus compañeiros de grupo ao saber que o alcalde utiliza o anonimato para insultar e mentir a veciños que son críticos coa súa actuación e di que o feito de que se faga coa oposición xa é vergonzoso pero que utilice esas artiñamas para poñer fotos de veciños que son críticos traspasa unhas liñas que nunca se deberían traspasar, e moito menos por un alcalde; que non vai repetir todo o que dixo o Sr. Méndez Mosquera, engadindo que pensa que dito concelleiro estivo impecable na súa intervención, pero que si lle gustaría saber, xa que o alcalde non está, cal é a opinión dos seus compañeiros de partido respecto desas tácticas do Sr. alcalde que non se limita a utilizar o anonimato da páxina web para utilizala nese senso senón tamén cando vai ao traballo, como lles dixeran aos membros do seu grupo, de certos veciños a criticalos diante dos seus xefes, como unha maneira de intentar intimidalos; que é increíble o que lle trasladaron aos membros do seu grupo polo que roga que alguén conteste se o grupo político socialista está de acordo con ditas tácticas.

A Sra. alcaldesa en funcións fai uso da palabra e pregunta se hai algún rogo ou algunha pregunta máis.

A Sra. García Gorostizu di que o seu grupo trae tamén outras preguntas, sendo unha delas outra vez relacionada coa Urbanización La Ría, en Fonteculler, e di que despois de máis de 70 denuncias rexistradas na Policía local polo ruído ao que se vén sometidos polas noites en dita urbanización, no mes de abril a Policía local tivo que intervir de novo en dúas ocasións por estar aberto alí un local e porque a xente segue a consumir, comentando os veciños que a Policía lles dixo que xa remitiran os informes ao Concello, e engade que os membros do seu grupo non saben a que se espera para actuar e se seguen á espera do informe do responsable do expediente para que se revise o local e se saiba se ten licenza, indicando que queren saber canto tempo máis van ter que agardar.

Responde a Sra. Pombo Carril e di que no seguinte pleno se lle dará resposta.

A continuación a Sra. García Gorostizu retoma o uso da palabra e di que teñen unha última cuestión xa que veciños puxéronse en contacto co seu grupo preocupados e sobre todo frustrados porque non son capaces de executar as obras nas súas casas ou construír as novas porque o Concello non tramita as licenzas e, mentres noutros concellos, como por exemplo o de Arteixo, o tempo de tramitación da licenza é dun mes, en Culleredo tárdase máis dun ano,

25 de 26

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I01NN</b>	<b>USG/2022/63</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6J02 3R1M 5W0Z 350V 103B	

engadindo que non é só en Arteixo pois en Oleiros tardan tres meses e en Cambre seis meses; que un se podería preguntar se o que pasa é que todo o mundo quere vivir en Culleredo e en Culleredo houbera unha grande petición de licenzas pero non é iso pois por exemplo en Oleiros, o pasado ano, tramitáronse 146 licenzas de obra maior e 486 de obra menor, e en Culleredo se tramitaron menos da metade, 60, tardando catro veces máis de tempo; que dous dos veciños que se puxeron en contacto cos membros do seu grupo e que están a sufrir este problema atópanse na sesión e lles comunicaron que queren tomar a palabra ao finalizar o pleno, polo que lle roga á Sra. alcaldesa que os escoite e lles dea unha solución pois levan máis dun ano e se atopan agora coa subida brutal dos materiais e coa subida que parece vai haber dos tipos de interese, e como pensan que o goberno está para solucionar os problemas da xente e non para aumentalos é polo que roga que se lles escoite e se lles dea unha solución.

A Sra. Presidenta di que a Sra. secretaria xeral lle traslada que os ditos veciños poderán tomar a palabra unha vez levantada a sesión pero non durante o transcurso da mesma; que os veciños poden tomar a palabra ou se o prefiren reunirse coa concelleira responsable e con ela mesma no despacho se o prefiren.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as quince horas e vinte minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,

A alcaldesa en funcións

(asinado dixitalmente nesta data pola concelleira delegada de Política Social e Promoción do Deporte que actuou como alcaldesa en funcións o día da sesión)

C.I.F. P-1503100-H